

DECRETO NÚMERO 18011022 DO 28/12/2018

ILMA. SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: APROBACION DA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO 2018 E APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN DE VIÚVAS JULIA MINGUILLÓN QUE DESENVOLVE A SÚA ACCIÓN NO EIDO DA IGUALDADE DE XÉNERO, PARA A PROMOCIÓN DOS DEREITOS E A INTEGRACIÓN DAS MULLERES A TRAVÉS DO OCIO E DE ACTIVIDADES CULTURAIS.

Examinado o expediente e visto:

1º Informe-proposta do departamento da Casa da Muller e posterior informe de fiscalización obrantes no expediente.

2º Existencia de consignación orzamentaria, partida 23179.48900 (RC 76408/2018). Por importe de 1000 €.

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no Acordo número 4/455 da Xunta de Goberno Local do día 07 de xullo de 2015, polo que se acorda delegar nas e nos titulares da áreas de goberno o exercicio das atribucións que lle correspondan a Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservara o seu exercicio, en relación coas materia comprendidas nas súas respectivas áreas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a concesión de subvención a favor da entidade e para o proxecto a continuación indicado con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC 76408/2018).

ENTIDADE	PROXECTO	CUANTÍA
ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLÓN G-27.013.697	Talleres autoestima e coidado persoal	1.000 €

SEGUNDO. Aprobar o texto do convenio de concesión de subvención nominativa que é do seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE: **ASOCIACIÓN DE VIÚVAS JULIA MINGUILLÓN** CIFG-27.013.697 PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA GASTOS DERIVADOS DO

CASA DA MULLER

MJGV/vop

Refª: 1545997444478.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2018 [ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLON]

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DENOMINADO **“TALLERES DE AUTOESTIMA E COIDADADO PERSOAL”**

En Lugo a, ... de de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, **Dona Ana María González Abelleira** actuando **en nome e representación do Concello de Lugo**, en virtude da súa condición de Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión do mesmo.

E doutra banda, **Dona Aurora Carro Páramo**, na súa calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN DE VIÚVAS JULIA MINGUILLÓN**.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I. Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 17 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal.

II. Que a dita asociación presenta o proxecto: Talleres de autoestima e coidado persoal, que o Concello considera de marcado interese municipal e acorde cos principios xerais da igualdade de xénero.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento parcial do proxecto “TALLERES DE AUTOESTIMA E COIDADADO PERSOAL” presentado pola Asociación de Viúvas “Julia Minguillon” con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo, para a financiación parcial do proxecto denominado **TALLERES DE AUTOESTIMA E COIDADADO PERSOAL** isto é para os gastos ordinarios derivados do desenvolvemento deste proxecto, por entender que estas actividades complementan as levadas a cabo polo Concello para a promoción dos dereitos das mulleres.

O labor desta asociación está encamiñada a:

- Promover, impulsar, dirixir e estudar os dereitos e os deberes dos orfos e das viúvas. Unir os esforzos na defensa destes dereitos e no cumprimento das súas obrigas.
- Colaborar coas entidades e organismos sen ánimo de lucro no desenvolvemento das súas actividades.
- Promover a formación das Asociacións locais.
- Estimular a participación das asociadas nos actos e traballos que organice a Asociación.
- Fomentar a formación das asociadas no cumprimento dos seus deberes e no exercicio dos seus dereitos.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar, como máximo, a cantidade de **1.000 €** para a financiación parcial do antedito programa.

A Asociación De Viúvas Julia Minguillón comprométese á :

- Desenvolver o antedito programa e aportar o persoal, o material e as instalacións necesarias para isto.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ó abeiro deste convenio.
- Promover o uso do galego, incorporando a lingua galega ás súas comunicacións de carácter escrito (páxinas webs, comunicados de presa...), así como a súa utilización nas declaracións que se efectúen aos medios de comunicación e establecer o seu uso preferente na rotulación.
- Segundo acordo plenario número 9/124 do 30 de xuño de 2016 condiciónase a concesión da subvención á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe.
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 doo 13 de xuño de subvención de Galicia, 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito presupostario

CASA DA MULLER

MJGV/vop

Refª: 1545997444478.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2018 [ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLON]

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará, durante o presente exercicio económico, a cantidade de **1.000 €** con cargo á partida orzamentaria **23171.48900**.

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización

Os gastos correntes derivados do desenvolvemento do proxecto denominado "**TALLERES DE AUTOESTIMA E COIDADADO PERSOAL**" ata un máximo de **1.000€**.

En ningún caso serán subvencionables os gastos xenéricos que non estean directamente vinculadas coa actividade ou proxecto obxecto da subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios que non estean directamente relacionados coa actividade ou proxecto subvencionado.

O prazo de realización da actividade será o ano 2018.

QUINTA.- Execución do convenio

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización dá actividade tales como impartición de cursos, talleres, asesoramento, que se realicen a través de empresas dedicadas a tales fins e outros gastos necesarios para que desenrole o proxecto presentado ata a totalidade do custo (100%) da actividade subvencionada.

Non se asumen pagos anticipados nin abonos a conta, podendo o beneficiario acordar o financiamento necesario polos medios que crea convites para o desenrolo da actividade.

En xeral, esta subvención considerase compatible con outras sempre que o conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non supere o 100% do custo da actividade a desenvolver.

SEXTA.- Xustificación e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán **presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, dirixida á Casa da Muller** a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa:

a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do programa, con expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, no seu caso, un exemplar de todos os materiais elaborados (carteis, folletos, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc* e que complementa a xustificación da actividade

subvencionada). No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.

b) Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de facturas de mais de 2.500 euros deberán xustificarse a realización da transferencia bancaria.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) Declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado.

d) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada segundo modelo normalizado.

e) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificacións abonáronse efectivamente.

f) Declaración de que os impostos indirectos devengados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base imponible.

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados **na Casa da Muller** xestora do expediente administrativo cun selo existente para ó efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ó presente convenio. Os documentos serán orixinais, e se presentasen fotocopias deberán ser dilixenciadas pola antedita oficina xestora, de conformidade co que se establece nas bases de execución do presuposto.

SÉTIMA.- Data límite para xustificar

A data límite para xustificar-la totalidade da subvención concedida será de **20 días hábiles dende a firma do convenio.**

CASA DA MULLER

MJGV/vop

Refª: 1545997444478.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2018 [ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLON]

No caso de que a documentación presentada en prazo teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días hábiles, emenda a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015. No caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

En caso de que a entidade beneficiaria non presente os documentos xustificativos da realización da actividade subvencionada antes do prazo antes sinalado requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días hábiles, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do día 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións sen prexuízo das sancións que correspondan.

A presentación da xustificación neste prazo adicional de quince días non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Ós efectos de xustificación as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustificar o gasto correspondente ó importe da subvención concedida.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

OITAVA.- Réxime de infraccións e sancións.

1- Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2- As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV da dita Lei 38/2003.

4- **A presentación fóra de prazo límite da xustificación, considerarase unha infracción leve**, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra do prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo adicional concedido no requirimento a que se refire o artigo 70.3 da Lei Xeral de Subvencións.

NOVENA.- Duración do convenio.

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, sen posibilidade de prórroga. No obstante, os seus efectos económicos retrotráense ó 1 de xaneiro.

DÉCIMA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de Seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Tenenta de Alcalde delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMA SEGUNDA.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

CASA DA MULLER

MJGV/vop

Refª: 1545997444478.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2018 [ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLON]

- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMA TERCEIRA-ANEXOS normalizados aos efecto de xustificar a subvención concedida.

SOLICITUDE PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓN S E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO POR CONCESIÓN NOMINATIVA EN MATERIA DE MULLER PARA O ANO: 2018	
--	--

DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		CIF:	
Nº REXISTRO MUNICIPAL:	ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			
PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN/AGRUPACIÓN? <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si (indicar a cal):			

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:	NIF/NIE:
------------------	----------

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.		

PROXECTO/S OU ACTUACIÓN/S PARA A /AS QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN

Lugo,..... de de
A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido no convenio firmado

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIONES

Dª./D.

co documento de identificación nún. _____, en calidade de _____
asociación/entidade _____
con enderezo social en _____
de Lugo e con CIF Num. _____ .

DECLARO:

- Que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación (na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo) doutra subvención pública e privada.
- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.

CASA DA MULLER

MJGV/vop

Refª: 1545997444478.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2018 [ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLON]

- Estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- Que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente.
- Que os impostos indirectos devengados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. (En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base imponible).
- Ter recibido SI NON (*marque cunha cruz a opción que proceda*) outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade. En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

- Esta entidade comunicoulle ao servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias e socios correspondentes ao exercicio
_____ .

- As facturas presentadas non son emitidas por ningún membro da asociación-

Lugo, ____ de _____ de _____
(DNI da persoa solicitante e selo da asociación /entidade)

Secretaria/o da asociación/entidade

V. e pr (presidenta/e)

**ORZAMENTO DE INGRESO E DOS GASTOS CORRENTES
PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:**

RELACIÓN DE GASTOS	CONTÍA
Gastos de alugamento	
Gastos de persoal (monitoras/es...)	
Gastos de transporte (viaxes...)	
Gastos de material	
Outros Gastos...	
TOTAL	

RELACIÓN DE INGRESOS

CONTÍA

Aportacións Socias/os	
Subvención de Muller	
Subvención do Concello. Concellería	
Subvención outras administracións	
Outros ingresos	
TOTAL	

O orzamento presentado no seu día ascendía a _____ €
 O orzamento realmente executado ascende a _____ €
 Existe SI NON (*marque cunha cruz a opción que proceda*) unha desviación (*diferenza entre o orzamento presentado e o realmente executado*) de _____ €.
 En caso afirmativo especificar os motivos:

RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN:

Data de emisión	Concepto	Acredor	importe	Data de pagamento

TOTAL _____ €

Lugo, ____ de _____ de 201
 (DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)

Secretaria/o da asociación/entidade

V. e pr. Presidenta/e

A ALCALDESA
 P.D. A TENENTA DE ALCALDE

A REPRESENTATE LEGAL

CASA DA MULLER

MJGV/vop

Refª: 1545997444478.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2018 [ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLON]

DELEGADA DA AREA DE BENESTAR
SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN

Asdo.: Ana María González Abelleira

Asdo: Aurora Carro Páramo”

TERCEIRO. Aprobar a autorización e disposición do gasto de 1.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23171.48900 do vixente Orzamento municipal ano 2018 a favor da entidade (RC: 76408/2018).

ENTIDADE	PROXECTO	CUANTÍA
ASOC. VIUVAS JULIA MINGUILLÓN G-27.013.697	Talleres autoestima e coidado persoal	1.000 €

CUARTO.- A publicidade desta subvención realizarase conforme ao establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

QUINTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía admsinirativa, e de que contra ela poden interpoñe-los seguintes recursos:

Contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e **con carácter previo**, contra a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 do 1 de outubro ante a Alcaldía no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer **calquera outro recurso** ou reclamación **que estime conveniente** ó seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.